

Modificacións da P. D. da materia de VIOLÍN

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de VIOLÍN para o curso 2019-20:

I. TODOS OS CURSOS DE GRAO ELEMENTAL E GRAO PROFESIONAL

▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Adáptase o grao de esixencia dos criterios de avaliación da PD en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

▪ MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

– GRAO ELEMENTAL

En cada curso non formarán parte dos mínimos esixibles para a avaliación positiva os estudo/s, escala/s, obra/s e ou peza/s correspondentes ao terceiro trimestre aínda que sí se valorarán positivamente para a mellora de cualificación.

Deste xeito, os contidos mínimos esixibles para todos os cursos de grao elemental serán:

- a) Tres escalas e arpexos.
- b) Seis obras ou pezas das cales 2 deben ser interpretadas de memoria OU Catro pezas e un Concertino do cal 2 deben ser interpretados de memoria.
- c) Dous estudos.
- d) Unha audición pública no caso de ser convocado polo profesorado.

– GRAO PROFESIONAL

En cada curso non formarán parte dos mínimos esixibles para a avaliación positiva os estudo/s, escala/s, obra/s e ou peza/s correspondentes ao terceiro trimestre aínda que sí se valorarán positivamente para a mellora de cualificación.

Deste xeito, os contidos mínimos esixibles para todos os cursos de grao profesional serán:

- a) Tres escalas e arpejos no número de oitavas correspondente ao curso con cambios de posición e con tódolos golpes de arco básicos que figuran nos contidos de dito curso.
- b) Catro estudos dos cales un debe ser interpretado de memoria.
- c) Dúas pezas e un Concertino ou Concerto. As dúas pezas ou o concerto deberán ser interpretadas de memoria.
- d) Participación nunha audición pública como mínimo no caso de ser convocado polo profesorado.

No sexto curso a participación no recital de fin de Grao Profesional non se terá en conta debido á súa cancelación de xeito presencial.

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Non sofren modificacións agás no tocante á adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procesos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do terceiro trimestres serán as mesmas que as utilizadas neste período docente co alumnado (videochamada, aulas virtuais, correo electrónico, CentrosNet, etc).

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións presenciais planificadas para o terceiro trimestre debido á súa cancelación.

Poderase convocar ao alumnado para realización de audicións por medios telemáticos similares aos empregados no desenvolvemento da docencia do terceiro trimestre. A participación será voluntaria.

- MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- GRAO ELEMENTAL

O apartado “10% Actitude e participación na aula” modifícase quedando do seguinte modo: “10% Actitude e participación na aula e nas actividades propostas polo profesorado por medios telemáticos”.

- GRAO PROFESIONAL

O apartado “20% Estudo individual” modifícase quedando do seguinte modo: “10% Estudo individual e 10% Actitude e participación na aula e nas actividades propostas polo profesorado por medios telemáticos”

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na P.D. realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indicarase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a esta proba.